

Onstopus

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Kornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº123/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de abril/ Estado de Semana Santa

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Necesaria Biblioteca-Arquivo na sede do Parque Nacional. Que necesita? Páx. 1



Agás un pequeno problema co servizo eléctrico, esta Semana Santa foi tranquila. Páx.2




Un camiño secundario, que serve de atallo, e que é necesario arranxar con urxencia pola súa utilización. Páx.3



Para poñer en valor a Ruta do Castelo é importante contar co Muíño de auga, limpando a zona e poñendo algunha información sobre el. Páx. 2




Rescatamos unhas fotos deste folleto da Festa de Ons, botando de menos unha comisión de festas. Páx. 4



Xa está a saír do prelo o nº 31 da revista cultural AUNIOS con interesantes artigos sobre Ons e a bisbarra do Salnés. Páx. 4



Juan Castiñeiras ensínanos o xeito de facer o seu vinagre balsámico con viño tinto e cogomelos. Páx. 5



Veciños e visitantes agradecen ao Grupo Acuña e Navieira Nabia o seu intento de desestacionalizar realizando visitas gastronómicas á par de favorecer aos veciños o poder achegarse ata Ons fóra da época estival. Páx. 5



Reunión Camawuaiana no Pescador de Portonovo. Páx. 6



Faro de Ons. Páx. 7

REDACCIÓN. *Fe de erros*

Teño que pedir desculpas aos fareiros e lectores, porque no anterior número de Onstopus 122, na páxina 1, onde co título de: “*Os últimos fareiros de Ons*”, cometín o erro de nomear, a un dos irmáns Carracedo, últimos fareiros desta illa, co nome de Julio, cando o seu nome é **Jesús**. Quizais fôiseme a cabeza ao nome dun dos novos gardas de Ons, de nome Julio. O nome utiliceino nas dúas fotos que acompañaban á noticia. <Perdón polo erro>.

IMPRESINDIBLE UNHA BIBLIOTECA OU ARQUIVO NA SEDE DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS (IV) QUE NECESITA (I)

Xa explicado, a grandes trazos, a necesidade dunha Biblioteca na Sede Central do Parque Nacional, só queda solicitar ao **Director do Parque** e aos **políticos con competencias**, que intenten levar a cabo este necesario espazo cultural, porque estas illas que conforman o Parque posúen, a carón de solicitar a protección da súa biodiversidade, unhas importantes peculiaridades que ofertar aos universitarios e estudiosos para que as investiguen dun xeito técnico e científico e, para levalo a cabo, necesitan unha zona onde atopar o material necesario para comezar o seu traballo; e que mellor, que unha **Biblioteca ou Arquivo** no propio Centro de Interpretación do Parque.

Dende a súa creación, o Parque favoreceu, con axudas e información, que se comezara algo que, algúns, xa levabamos pedindo dende hai máis de 50 anos, como era investigar todas as características que tiñan estas illas, tanto dende o punto de vista Natural como Cultural, pois estaban totalmente sen pescudar e durmindo un sono letárxico investigador. Despois destes 24 anos de Parque Nacional, podemos falar xa, que hai un xermolo investigador que arranca paseniñamente e que comeza a dar os seus froitos que, de seguro, aumentarían se os novos estudantes e investigadores atoparan un espazo (**Biblioteca-Arquivo**) onde coñecer o xa traballado, informarse sobre as temáticas que máis lles interesen, tomar datos,..., e un longo etc.

Que pode ofertar un lugar dedicado a Biblioteca-Arquivo? Varias cousas principais:

- Unha sala, con suficiente espazo para albergar a documentación que necesitan. Mesas e cadeiras para sentarse e poder traballar comodamente. Ordenadores para consulta. Ficheiro do material que contén a biblioteca, tanto en papel como dixitalmente. ... E todo aquilo que se considere necesario para facilitar o traballo dos investigadores.
- Bibliotecario/a ou arquivero/a, non só para entregar ou prestar o que se lle pida, senón que sexa unha persoa activa, comunicadora,..., e sobre todo, un bo/oa dinamizador/ora, que estea buscando información continuamente para ofrecer e sexa capaz de transmitila a quen o necesita, sen esquecerse de crear actividades que fortalezan este espazo tan necesario no Parque.
- Que conteña todo o material informativo sobre as illas do Parque, tanto en papel, como dixital, CD, DVD,..., e outros materiais, co conseguente soporte para podelo visualizar.
- Que posúa unha boa hemeroteca ou facilite a busca de información en periódicos, revistas, gacetas,..., sobre as illas do Parque.
- Que atesoure todos os libros publicados sobre as illas, tanto en papel como en soporte dixital. De non conseguilos, mirar o xeito de podelos obter ou fotocopialos. Técnicos, narrativos, novela, estudos,...
- Que ofrezca, co permiso dos autores, todos os traballos realizados e subvencionados polo Parque nestes anos, ou polo menos, información sobre eles e os seus autores para posibles contactos.
- ... e todo o que unha Biblioteca-Arquivo poda ofrecer a quen queira saber e investigar sobre as illas que conforman o único Parque Nacional de Galicia.

No próximo número unhas últimas consideracións interesantes para posuír unha Biblioteca-Arquivo activa e como conseguir material.



SEMANA SANTA EN ONS 2026

Pouco teño que contar desta pasada Semana Santa na nosa Illa pois, a carón de que este ano decidín pasar esa semana noutra illa, concretamente en Fuerteventura, agás o problema puntual da luz entre xoves e venres santo, esta etapa vacacional, segundo me dixeron, non tivo novas importantes que resaltar.

O tema da luz xa o toquei neste minixornal no tempo que vai do verán 2025 ata a primavera 2026, pois houbo unhas cantas incidencias con este servizo neses meses. É un pouco incomprendible como un servizo que leva sobre 33 anos funcionando, con pequenas problemáticas puntuais, nun período de 7 meses, tivera tantas avarías, pois supoñemos que irían a arranxalas, dende a primeira, profesionais que terían que dar co problema con facilidade.


Unha pena que esta nova avaría coincidira cos días de maior afluencia a Ons, pero tamén, sendo en dous días festivos, hai que agradecer que o Director do Parque conseguira o seu arranxo de xeito inmediato. Só pedir que de cara ao verán haxa en Ons un bo profesional, que coñeza como está todo e que dea solución inmediata a calquera circunstancia que ocorra, pois sabemos que: "*As cousas de palacio van despacio*" e se esperamos a que o tendido estea soterrado, obriga a acudir á letra doutra coñecida canción que di: "*Pasarán más de mil años, muchos más*", por iso, que vaia ben todo, é o que piden veciños e visitantes.

Polo demais estas vacacións serviron para que moitos veciños e turistas, a carón de airear as vivendas, pasear e ir á praia, botaran unha ollada aos novos arranxos que se están a levar na zona de Curro, onde, segundo tamén me contaron, todos coinciden en que non está quedando mal, pero algúns eran innecesarios.

O que si me explicaron varios veciños de Curro alto, Chan da Pólvora e Cucorno que estiveron na illa esta semana, que o camiño que dende a igrexa nova vai, atallando, ata o do Faro, pasando rentes ao Bar Pirata, está, na súa parte superior, en mal estado, necesitando un arranxo (Tocareino noutra páxina deste número).

E sen máis que contar, todo transcorreu en camaradería, con boas paroladas, peixe frito, polbo á feira e, como non, acompañados do gran amigo <Ramón o de Bilbao>.

Fotos cedidas



NA RUTA DO CASTELO, POÑER EN VALOR O MUÍÑO DEBAIXO DA FONTE DO CASTELO

A do Castelo, é unha das Rutas que ofertan dende Parques en Ons. É un percorrido curto, comparado coas outras propostas, pero dá para un paseo histórico-natural interesante, pois, partindo dende a Praia das Dornas, tes un lugar de descanso e camiñas rentes ao mar contemplando con facilidade a flora e fauna, en especial os famosos abruños co que se fai o *pacharán*. Chegas ao Castelo da Rueda, onde verás as ruínas do que pretendeu ser unha batería de defensa da ría. Desde esa mesma posición terás unhas vistas excelentes sobre a zona leste da illa e da costa próxima da bisbarra do Salnés.

Logo, seguindo a Ruta, irás cara ao camiño que dende Curro vai cara á praia de Melide; a metade dese camiño, atópase a pequena valgada que vén dende a Fonte do Castelo, cunha interesante poboación arbórea autóctona. Nese lugar, atópase o que foi unha acea ou *Muíño de Auga*.

Este *vestixio etnográfico*, debería ser estudado por especialistas en profundidade pero, sobre todo, ter ese espazo limpo para visualizalo e así dar máis importancia cultural a esta pequena Ruta.

Parques, debería aproveitar que este ano comezaron os labores de mantemento con tres meses de antelación e, contando cos magníficos profesionais que levan varios anos traballando na Illa, **limpar ese espazo e ofrecelo aos visitantes**.



Arriba, restos do Muíño. Abaixo tapado pola maleza. Páx. 2



UN CAMIÑO SECUNDARIO, MOI UTILIZADO, QUE NECESITA ARRANXO

Hoxe en día, Ons ten dous camiños principais e, destácoos porque son os máis utilizados tanto por veciños e visitantes como por vehículos, como son: O que vai dende o peirao ata o Faro e o que sae do barrio de Curro cara a Pereiró.

Estes dous camiños, na actualidade, están en bo estado, en especial o de Curro-Pereiró coa ampliación, tan solicitada dende anos, das rodeiras (Sobre o tema da ampliación das rodeiras, darei en próximos Onstopus unhas pequenas suxestións que coído poden ser interesantes para evitar algún posible deterioro nas invernías).

Os demais camiños, podemos consideralos secundarios, aínda que algún, puntualmente no verán, tamén se utiliza asiduamente, sobre todo por visitantes, como: o que dende Curro vai cara a Melide e o que rodea toda a illa.

Pero, hai un *camiño secundario que é moi utilizado*, tanto por veciños como por visitantes, porque serve de atallo entre Curro (zona de servizos) e os barrios de Curro Alto, Chan da Pólvora (cámping) e Cucorno. Este camiño, parte dende a igrexa nova e, rentes ao Bar Pirata, sube cara ao camiño do Faro, acortando en liña recta todo o espazo que pasa polo barrio do Caño (arredor de 1 km) e queda reducido a, aprox., 200 metros.

Este camiño, ten unha relevante pendente, o que provoca que coas forte chuvias do inverno, descorra a auga con forza cara abaixo provocando un enorme deterioro.

En varias ocasións e despois de solicitado polos veciños que o utilizan asiduamente, intentaron o seu arranxo. Houbo unha excelente reforma na súa metade inicial, partindo dende Curro, facendo unhas rodeiras e logo uníndoas con pedra, ata a parte superior do Bar Pirata.

Máis tarde, para evitar a pendente, puxeron dúas plataformas con varios chanzos onde remataban as rodeiras, quedando moi ben, pero cun inconveniente, ao non reforzar a parte superior do camiño que está con terra e pedregullo, cando chove con forza, arrastra pequenas pedras e terra provocando, nas plataformas e chanzos, unha acumulación de materiais que causa moitos escorregamentos, sobre todo ao baixar, facéndose máis perigoso aínda se ves cargado con mochilas, bolsas, caixas,..., ou mesmo cun carro de bebe.

Este pasado inverno, que foi moi duro, este camiño quedou de novo en moi mal estado, o que vai provocar, como pasa todos os anos, caídas e posibles torceduras de nocellos, é polo que, sería interesante que este camiño secundario, moi empregado, *se lle dera un arranxo* antes do comezo da etapa estival.

Como poden ver nas fotos, a de **arriba**, vese esta senda na súa parte superior, case a carón do vieiro do Faro; aínda que o pisaron con máquinas varias veces, polo paso das persoas e coa chuvia, a auga axiña busca por onde baixar e vai provocando o seu deterioro que, en nada, vai a máis. Como podemos ver na foto do **centro** o paso da auga desfai a terra pisada e vai sacando ao exterior as pedras, que deseguida van ir cara abaixo, provocando a súa acumulación nas plataformas e fendeduras no terreo que provocarán torceduras e caídas.

Na de **abaixo**, vese ese camiño a día de hoxe, xa desapareceu a terra e van quedando espazos de difícil tránsito. Tendo en conta que o verán xa está petando á porta e que ese camiño é moi utilizado, coído que **Parques** debería tomar en serio o seu arranxo e, a poder ser, que sexa definitivo, para non estar todos os anos co mesmo problema.

Esperemos o tomen en serio e este ano busquen unha solución duradeira.

HABEMUS NOVAPRESIDENTA DO PADROADO, DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

Este órgano, pola falla de actividade, estaba nun proceso de deterioro tal, que pensabamos que era un organismo fantasma, só nomeado para dar acubillo a un presidente que, aínda por riba e no caso de Ons, só buscaba problemas cos veciños, como vimos nos últimos anos, e ata co presidente das confrarías.

Aínda non temos claro a súa utilidade e máis, como dicía o seu anterior rexedor, se non ten remuneración, pero sempre se está á espera de que demostren que ten sentido ese órgano para a conservación natural e cultural das illas do Parque.

Veñen de nomear nova Presidenta, quedaremos á espera do seu traballo. Non o ten difícil, pois o listón que deixou o seu antecesor está a ras de chan, por iso, con nada que faga, superará os obxectivos doadamente. Só lle pedimos disposición, diálogo, visitar e coñecer os espazos sobre os que vai traballar, escoitar á veciñanza nos habitados, ter personalidade e non deixarse influenciar polos que non son capaces de relacionarse de xeito axeitado, ..., e un longo etc. que, estamos seguros, conseguirá se ten criterios propios e firmeza nas súas opinións e actuacións. **BENVIDA.** Páx. 3

Foto: Faro de Vigo



Xiana Fernández-Albor Batallán

ONS NA MEMORIA

Levo uns cantos Onstopus explicando a necesidade dunha Biblioteca-Arquivo na Sede do Parque Nacional, nela estarían gardados e custodiados todo tipo de libros, documentos, revistas,..., e onde tamén terían un espazo, para poder visualizar e tomar datos, os *Libros de Festas da Illa*. Hoxe recupero da miña colección, o realizado por motivo das Festas Patronais de 2001, aínda Ons non pertencía ao Parque Nacional, a petición do auniense Adrián Ferrer Reboiras, xa que nunha das fotos inseridas nel atópase a súa nai e irmáns.

Ten un bo número de fotografías de época, algunhas das cales son miñas que me pediran daquela os membros da Comisión de Festas para reproducir no folleto. Ao dixitalizar as fotos que me solicitou Adrián, boteille unha ollada ao libriño e, entre outras cousas, descubrín que precisamente ese ano 2001, foi cando veu a Illa o Grupo “**Astarot**”, vaia axitación veciñal que se formou antes da actuación, había opinións para todos os gustos, sen embargo, tiveron un éxito tremendo.

Que pena que a veciñanza auniense perdera esa parte da Cultura Popular dun pobo, como son as súas **Festas Patronais** cunha **Comisión de Festas** formada polos propios veciños. Ollo, nestes últimos anos, hai que agradecer a Manolito (Bar Pirata), Pepe de Miro e Maqueira e demais axudantes, o procurar que esa tradición non se perdera, organizando unhas pequenas xornadas festeiras en honor a San Xaquín

FOTOS PARA EL RECUERDO



Isla de Ons

Grandes Fiestas en honor a SAN JOAQUÍN

Los días 18 y 19 de Agosto de 2001

SÁBADO 18

- * A LAS 12 SALVA DE BOMBAS ANUNCIANDO EL COMIENZO DE LAS FIESTAS.
- * VERBENA A CARGO DEL GRUPO DE ROCK

ASTAROT & MEDITERRANEO

DOMINGO 19

- * A LAS 11 HARÁ ENTRADA EN LA ISLA LA Banda de Música de BUEU
- * POR LA TARDE ACTUARÁ EL GRUPO

MEDITERRANEO

GRAN TIRADA DE FUEGOS LOS DOS DIAS

FOTOS PARA EL RECUERDO



REVISTA CULTURAL “AUNIOS” nº 31, 2026

Cando isto escribo, 11 de abril, está a piques de saír do prelo o nº 31 de AUNIOS, a que será a penúltima revista.


Ao igual que as últimas, está dedicada a Ons nun 50% e á zona do Grove-Salnés a outro 50%. Recordar que esta bisbarra do Salnés estivo e está moi relacionada social, pesqueira, comercial e historicamente coa illa.

Con respecto a Ons ten interesantes artigos que levan a sinatura de Arturo S. Cidrás, Lino J. Pazos, Xulio Pardellas, Juan Castiñeiras, Adrián Ferrer, Francisco Calo, Grupo GEAT, Álvaro Díaz, José M. Dopazo, Fernando Alonso & Antón Bouzas, Jaime Blanco, Julio Santos e Tino Pardellas.

Tocan temas que teñen que ver coa relación dos Massós cos Riobó, Faro de Ons, primeira navegación a carón da Illa, sobre o sal de Ons, de compostaxe, do proxecto Sentinela, da fonte da acampada de Melide, sobre o topónimo Centulo, de temática etnográfico-astronómico, da importancia micolóxica da illa, sobre a relación do mestre cos fareiros en Ons a principios dos 70, da Ruta Xacobeá Marítima das Illas Cassitérides e, por último, teño a honra de ser homenaxeado polos meus 51 anos dedicados á cultura auniense.

Sobre a bisbarra do Salnés escriben: Sonia Prieto, Antón Mascato, Emilio X. Insua, Xosé Fuentes, Cosme D. Romay, Rafael Quintía, Francisco Meis, Anxo López & Tino Pardellas. Os artigos teñen relación co Grove e a bisbarra do Salnés. Pensamos presentala, agás atrancos de última hora, en primeira estancia, no **Grove o día 22 ás 20,30**, e en Marín o 22 de maio ás 20 h.

Tanto nas presentacións como posteriormente por correo postal, a revista será distribuída **gratuitamente**.



NOVOS ENLACES PARA AUNIOS E ONSTOPUS

Debido a diferentes problemas, os enlaces que tiñamos antes, xentileza de Arturo Sánchez Cidras na súa páxina Web e Blog, quedan anulados e estes que presento, son polos que teremos a posibilidade de acceder a todos os números da revista cultural *AUNIOS* e a todos os minixornais *ONSTOPUS*.

Con respecto ao de AUNIOS recomendo a súa visualización polo Índice de Autores, atópase no enlace na partes superior dereita.

Enlaces a AUNIOS e ONSTOPUS

viladebueu.eu

<https://viladebueu.eu>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/aunios.htm>

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>



**III JORNADAS GASTRONÓMICAS
DEGUSTONS
EN LA ISLA DE ONS - 2026**

Sábado 18 abril
MENÚ DEGUSTACIÓN DE PULPO
A 4 PREPARACIONES

- Ensaladilla de pulpo
- Pulpo encebollado
- Alubias con pulpo
- Pulpo al estilo "Ons"
 - Con bebida y postre

Domingo 17 mayo
ROMERÍA GALLEGA AL ESTILO ONS

- Primero: Pulpo á feira
- Segundo: Churrascada
 - Con bebida y postre

RESERVA TU BILLETE: EN PIRATASDENABIA.COM
Y LLAMANDO AL **986 32 00 48**

CADA JORNADA INCLUYE VIAJE EN BARCO
DESDE BUEU /// 45€ ADULTOS - 20€ NIÑXS

PIRATAS DE NABIA NAVIERA | PULPO DE ONS (PESCA ARTESANAL DE GALICIA) | Casa de Abadeiro

DÍA DE LA MADRE 2026 - 3 MAYO PIRATAS DE NABIA NAVIERA

¡Las mamás viajaís gratis!

* El único requisito es viajar en familia, en cualquier formato, entendiendo como tal, un mínimo de 2 adultos (una de ellas la madre del hij@) y al menos un/a hij@

- 1 Compra los billetes de los acompañantes (excepto el de la madre homenajeada) en www.piratasdenabia.com o llamando al **986 32 00 48**
- 2 Solicita el billete gratuito enviando un email a atencionalcliente@piratasdenabia.com indicando:
 - Nombre y apellidos de la mamá
 - Fecha de nacimiento + DNI
 - Referencia de los billetes comprados
- 3 Nosotros te enviamos su billete a coste cero por email!!

PIRATAS DE NABIA NAVIERA

Grupo Acuña e Navieira Nabia, como veñen realizando estes últimos anos, van desenvolver na Illa de Ons unhas *Xornadas Gastronómicas* a base de Polbo en varias preparaci3ns e, á vez, o **Día da Nai** invita a unha viaxe gratuíta ás illas do Parque a todas as nais. Interesante iniciativa que ten como fin desestacionalizar as viaxes ao Parque Nacional.

Iniciativa que debería ser tamén aproveitada polos xestores do Parque para a realización de viaxes activos fóra de tempada e especializados, como: Micolóxicas, visualización de aves, arqueolóxicas,...

Á vez, aproveito esta nova, para facerme eco da petición dun bo grupo de veciños de Ons, que queren **agradecer** á Navieira **Nabia** que, tamén estes anos, realice viaxes a Ons ao longo de todo o ano e pola creaci3n dunha aplicaci3n para que todos coñezan as viaxes e horarios que realizan durante a semana, á vez de facilitar a compra de billetes e todo o que necesiten.



O colaborador de **AUNIOS**, especialista micolóxico e non digamos, como experto cociñeiro, **Juan Castiñeiras**, está a preparar un Vinagre Balsámico de Viño Tinto das Terras de Poio, aromatizado con cogomelos. Leva, principalmente (vese na foto) *Cantharellus cibarius*, *lutescens*, e algunha máis, tamén, cítricos, menta e, como sempre se di, o secreto do cociñeiro. Será, como xa o temos probado, unha xenuína ambrosía culinaria. Juan, un auténtico innovador na cociña tradicional só comparable ao druída Panorámix coa súa poci3n máxica

FARO de ONS

O Faro de Ons está a cumprir 100 anos dende a súa última remodelación.

Esperamos que neste verán se lle faga unha homenaxe, non só a toda a súa estrutura monumental, senón tamén aos moitos Fareiros que por el pasaron.

Na Voz de Galicia, Pontevedra, o correspondente Marcos Gago, xa fixo unha primeira entrada homenaxeando ao Fareiro <Francisco Montañés> que estivo en Ons dende 1980 ao 1986.

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/somosmar/2026/04/12/farero-llego-ons-recien-casado-cachondeo-era-viaje-bodas/0003_202604P12C5991.htm

A Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, debería realizar en Ons unha homenaxe, como se merecen, tanto o Faro como aos seus Fareiros, independentemente da que lle fagan os Veciños de Ons e o Concello de Bueu.

